

TÍTULO V

TÍTULO V

CORPORACIÓNS LOCAIS

CAPÍTULO ÚNICO. *Cooperación económica coas corporacións locais*

Artigo 48.- *Instrumentos de cooperación económica*

As achegas da Xunta de Galicia ás entidades locais da Comunidade Autónoma materializaranse preferentemente a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da Comunidade Autónoma, e pola vía das subvencións e dos convenios, subscritos para o desenvolvemento e a xestión de distintas actividades que corresponden ao ámbito das competencias da Administración local ou que se considera, en cada caso, que por aplicación do principio de subsidiariedade poderían ser mellor executadas por esta última. O montante total e a distribución por programas desas achegas figura recollida no anexo 3.

Artigo 49.- *Fondo de Cooperación Local*

Un.- Conforme o indicado na disposición adicional oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, a porcentaxe, debidamente homoxeneizada, de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral queda establecida no 2,2544898% para o exercicio de 2006.

Esa porcentaxe desagregase da forma seguinte:

- Un 1,8945459% corresponde a un fondo principal que será obxecto de distribución entre todos os municipios de Galicia.

- Un 0,3599439% corresponde ao fondo adicional establecido na disposición adicional sexta da Lei 13/2004, do 29 de decembro, para a súa distribución entre os concellos con poboación inferior a 15.000 habitantes.

Dous.- Establécese un fondo complementario de nova creación, por importe de 6.000.000 de euros, que será distribuído entre os municipios e segundo os criterios que se determinen regulamentariamente, conforme a proposta que realice a Comisión Galega de Cooperación Local.

Tres.- Polo que respecta aos fondos principal e adicional mencionados no apartado Un deste artigo, os criterios de distribución continuarán sendo, en tanto non sexan modificados pola Comisión Galega de Cooperación Local, os establecidos no Decreto 5/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Fondo de Cooperación Local durante o período 2002-2004, e esténdense ao exercicio de 2006 as referencias incluídas na citada disposición sobre o ano 2004.

Catro.- A Comunidade Autónoma poderá reter das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, para a súa posterior compensación, o importe das débedas firmes, líquidas e esixibles, contraídas polos concellos coa Comunidade Autónoma, cos seus organismos autónomos e coas entidades de dereito público da Comunidade Autónoma que non teñan que adecuar por lei a súa actividade ao ordenamento xurídico privado.

Artigo 50.- *Transferencias derivadas de convenios ou subvencións*

As transferencias ás entidades locais de Galicia, derivadas da subscripción de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas de gasto destes orzamentos, ascenden a 333.379.641 euros.